



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Maio 2018

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe en Galicia un 0,1% en maio de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior; en España diminúe un 0,4%.
- Por produtos, a Alimentación rexistra unha caída nas vendas do 0,3% mentres que no Resto de produtos aumentan o 0,2%.
- En dez comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,1% no mes de maio de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, unha décima máis que no conxunto de España (2,0%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,0% en Galicia e o 0,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en catorce comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe no mes de maio tanto en Galicia (-0,1%) como a nivel nacional (-0,4%).


O índice xeral sen estacións de servizo mantense estable (0,0%) respecto a maio de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 0,3% e resta 0,2 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación aumentan un 0,7%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 0,2% e achega 0,2 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas diminúen o 0,9%.

Nos primeiros cinco meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,6%, catro décimas máis que en España (1,2%). As vendas en Alimentación aumentan o mesmo en Galicia que en España (1,1%) mentres que o Resto de produtos crecen máis en Galicia (2,2%) que no conxunto do Estado (1,5%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En dez comunidades autónomas aumentan as súas vendas en maio. Os maiores crecementos danse en Aragón (2,0%) e Murcia (1,1%).

Os maiores descensos rexístranse en Castilla y León (-1,7%) e Cataluña (-1,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2018

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,5%) e Cataluña (-0,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Aragón (3,8%) e La Rioja (2,4%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de maio de 2018, un crecemento do 2,1% en Galicia, unha décima superior ao de España (2,0%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,1% tanto en Galicia como en España. Desagregando por produtos, a Alimentación aumenta as vendas en Galicia o 1,3%, 1,4 puntos

menos que a nivel nacional (2,7%). O Resto de produtos aumenta en Galicia (0,9%) e diminúe no conxunto de España (-0,2%).

Índices de comercio polo miúdo. Maio 2018				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	104,2	2,1	2,4	
Xeral sen estacións de servizo	103,1	1,1	2,1	
Alimentación	100,9	1,3	2,3	
Resto	104,2	0,9	1,9	

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	1,1	2,1
Xeral sen estacións de servizo	0,6	1,5
Alimentación	0,5	0,6
Resto	0,5	0,6

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 2,4% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto de España (2,2%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,0% no mes de maio en Galicia, dúas décimas máis que en España (0,8%).

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,8% en Galicia e un 0,9% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en maio en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Asturias (3,4%) e Illes Balears (2,6%).

A ocupación diminúe en dúas comunidades autónomas: Andalucía (-0,7%) e Castilla - La Mancha (-0,1%).

No que vai de ano, os maiores incrementos da ocupación rexístranse en Asturias (3,7%) e Canarias (2,8%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha e Andalucía (-0,5%).

Índice xeral de ocupación. Maio 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	104,2	2,1	2,4	100,7	-0,1	1,6
Xeral sen estacións de servizo	103,1	1,1	2,1	100,2	0,0	1,7
Alimentación	100,9	1,3	2,3	96,6	-0,3	1,1
Resto	104,2	0,9	1,9	102,8	0,2	2,2
España						
Xeral	106,5	2,0	2,2	103,0	-0,4	1,2
Xeral sen estacións de servizo	105,6	1,1	1,8	102,8	-0,2	1,3
Alimentación	106,5	2,7	2,6	102,0	0,7	1,1
Resto	104,8	-0,2	1,3	103,4	-0,9	1,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	108,1	1,9	2,1	105,5	0,0	1,3
Xeral sen estacións de servizo	107,6	1,1	1,8	105,5	0,1	1,4
Alimentación	103,7	1,6	2,0	99,0	-0,2	0,9
Resto	110,1	1,0	1,7	109,9	0,6	1,9
España						
Xeral	107,4	1,7	2,0	105,1	-0,3	1,1
Xeral sen estacións de servizo	107,0	1,1	1,7	105,1	-0,1	1,1
Alimentación	107,5	2,7	2,4	102,9	0,4	0,9
Resto	106,4	-0,1	1,0	106,5	-0,7	1,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,5	2,0	2,2	103,0	-0,4	1,2
Andalucía	104,7	1,1	2,0	101,4	-1,0	1,2
Aragón	106,5	4,4	4,7	103,0	2,0	3,8
Asturias	102,9	2,5	2,3	99,8	0,4	1,8
Balears, Illes	119,9	2,6	2,4	116,1	0,5	1,7
Canarias	104,0	2,4	3,1	101,0	0,3	1,7
Cantabria	101,4	2,4	1,6	98,1	-0,1	0,6
Castilla y León	102,1	0,6	0,4	99,0	-1,7	-0,5
Castilla-La Mancha	105,4	3,1	2,4	101,6	0,4	1,4
Cataluña	104,1	1,2	1,3	99,7	-1,5	-0,1
Comunitat Valenciana	107,6	2,4	1,7	104,7	0,2	1,0
Extremadura	100,8	2,7	1,9	98,0	0,8	1,3
GALICIA	104,2	2,1	2,4	100,7	-0,1	1,6
Madrid	111,5	2,2	3,2	108,3	-0,3	2,2
Murcia, Región de	108,2	2,9	1,8	105,0	1,1	1,3
Navarra	110,5	3,0	2,9	106,9	0,6	2,1
País Vasco	107,6	2,5	2,6	103,9	0,3	1,7
Rioja, La	106,5	1,7	3,0	102,8	-0,1	2,4
Ceuta	101,0	0,3	-0,2	98,0	-0,4	-0,2
Melilla	106,7	1,2	1,2	103,0	-0,2	0,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,0	1,0	0,8
Xeral sen estacións de servizo	101,6	1,0	0,8
España			
Xeral	102,9	0,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	102,9	0,8	0,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,9	0,8	0,9
Andalucía	100,3	-0,7	-0,5
Aragón	102,2	0,0	0,3
Asturias	105,9	3,4	3,7
Balears, Illes	111,7	2,6	2,2
Canarias	107,1	2,2	2,8
Cantabria	100,9	0,8	0,7
Castilla y León	101,7	0,7	0,4
Castilla-La Mancha	100,6	-0,1	-0,5
Cataluña	101,7	0,1	0,4
Comunitat Valenciana	105,3	2,0	2,0
Extremadura	101,6	0,7	0,8
GALICIA	102,0	1,0	0,8
Madrid	103,9	1,6	1,5
Murcia	103,6	1,6	1,3
Navarra	102,1	0,5	0,2
País Vasco	102,5	1,0	0,3
Rioja, La	103,6	1,5	1,7
Ceuta	101,6	1,1	2,1
Melilla	102,7	1,1	1,6

Fonte: INE